



NOVIDADES NO CÓDIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN

O 23 de outubro do 2007 publicouse no BOE o R.D. 1371/2007 que aproba o documento básico "DB-HR Protección fronte ao ruído" do CTE e modifica o R.D.314/2006, do 17 de marzo polo que foi aprobado o Código Técnico dá Edificación.

(O Boletín Oficial do Estado nº 254 do 23 de outubro, páxs. 42992 á 43045 pódese descargar dende a seguinte dirección: <http://blogcte.coag.es/category/db-hr/>).

Coa mesma data de 23 de outubro do 2007 vense de publicar no BOE o R.D. 1367/2007 polo que se desenvolve a Ley 37/2003 de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

(O Boletín Oficial do Estado nº 254 do 23 de outubro, páxs. 42952 á 42973 pode descargarse dende a seguinte dirección: <http://blogcte.coag.es/category/db-hr/>).

Dado que este novo Real Decreto tamén fixa os valores dos índices de inmisión de ruído e vibracións establecidos como obxectivos de calidade acústica no interior das edificacións destinadas a vivenda, usos residenciais, hospitalarios, educativos ou culturais, foi necesario establecer a concordancia entre estes valores e as necesidades de illamento acústico nas fachadas das edificacións, establecidas no documento básico de protección fronte ao ruído do Código Técnico da Edificación (DBHR-CTE).

> NOVIDADES

Entre as principais novidades a ter en conta para redactar os proxectos atópanse as seguintes:

I DB-HR Protección fronte ao ruído

- _ O Real Decreto entrou en vigor o día seguinte da súa publicación, isto é o 24.10.2007, pero establece un período transitorio para a aplicación da Normativa relativa ao Ruído.
- _ Nas Disposicións Transitorias Segunda, Terceira e Cuarta indica que durante os **12 meses** posteriores á entrada en vigor, poderase seguir aplicando a **NBE-CA-88** ou ben aplicaranse ás esixencias desenvoltas no **DB-HR**.
- _ A limitación para a aplicación da disposición transitoria é que "*todas as obras a cuxos proxectos se lles conceda licenza municipal de obras ao amparo das disposicións transitorias anteriores, deberán comezar no prazo máximo de tres meses, contado dende a súa data de concesión,*" dun xeito análogo a como sucedera na aplicación das disposicións transitorias do CTE.
- _ A partir do **24 de outubro de 2008** será polo tanto de aplicación obrigatoria o **DB-HR**, quedando definitivamente derogada a NBE-CA, R.D. 1909/1981, de 24 de xullo, o R.D. 2115/1982, do 12 de agosto e a Orde do 29 de setembro de 1988, relativos á "Norma Básica da Edificación Condicións acústicas nos edificios".

I Modificacións no CTE (RD 314/2006)

- _ O Real Decreto entrou en vigor o día seguinte da súa publicación, isto é o 24.10.2007, polo que as modificacións do CTE son xa de mínima **obligatoria aplicación**.
- _ Recolle unha serie de modificacións na Parte I (disposicións xerais, etc.), e na Parte II, en diversos apartados do **DB-HE, DB-HS, DB-SE, DB-SI e DB-SU**.
- _ **DB-HS:** o máis destacado é a modificación no DB HS-3 do apartado 3.2.1. das dimensións dos espazos exteriores para ventilación (patios) onde a dimensión "*non menor que 4 m*" modifícase por "*non menor que 3 m*" e no DB HS-2 do apartado 2.1.2.1,2 a dimensión da superficie útil do almacén a referencia "*...como mínimo 3 m²*" modifícase por "*como mínimo a que permita o manexo axeitado dos colectores*".
- _ **DB-SI:** entre outras, corríxese no DB SE-1 a nomenclatura na táboa 2.2, a cita "*2xEI₂30-C5*" *substitúese por "2xEI₂45-C5"*.
- _ **DB-SU:** entre outras sinálase no DB SU-8 a inclusión dunha nota na táboa 2.1 na columna Eficiencia requirida para o nivel de protección 4 que di: "*dentro destes límites de eficiencia requirida, a instalación de protección contra o raio non é obligatoria*".

> Derrogacións

- _ O Real Decreto recolle tamén a derogación dunha serie de normas, que a continuación se relacionan:
 - NBE-CA Real Decreto 1909/1981, do 24 de xullo, o Real Decreto 2115/1982, de 12 de agosto e a Orde do 29 de setembro de 1988, relativos á Norma Básica da Edificación Condicións acústicas nos edificios.
 - RY-85, Orde do 31 de maio de 1985, de Presidencia do Goberno, pola que se aproba o Prego Xeral de condicións para a recepción de xesos e escaiolas nas obras de construción.
 - RL-88, Orde do 27 de xullo de 1988, do Ministerio de Relacións coas Cortes e de Presidencia do Goberno, pola que se aproba o Prego de condicións para a recepción de ladrillos cerámicos nas obras de construción.
 - RB-90, Orde do 4 de xullo de 1990, do Ministerio de Obras públicas e Urbanismo, pola que se aproba o Prego de prescricións técnicas xerais para a recepción de bloques de formigón nas obras de construción.

> DOCUMENTACIÓN DO PROXECTO

Dende o día 24 de outubro de 2007 faise polo tanto de obrigación mínima, a aplicación das modificacións publicadas en dito BOE nos proxectos que se presenten a visado.

Antonio Freire Romero

Presidente da Comisión de Visado do COAG

Alberto Escobar Molinero

Coordinador técnico da Xunta de Goberno do COAG